

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MAZARICOS
Edificio	San Cosme de Antes
Dirección	15258
	42.996443 -8.911958
Protección	
Descrición	<p>O templo presenta unha planta de salón dividida en catro tramos por arcos faixóns e soporta unha bóveda de canón. Entre os faixóns dispóñense os lunetos. A capela maior con resalte no muro exterior cóbrese cunha bóveda de crucería con nervios con cinco claves. No interior aparece un gran retablo tallado en granito, dividido, no seu primeiro corpo, en tres panos. O central acubilla o sagrario e a ámbolos dous lados, as imaxes de San Cosme e San Damián. No segundo corpo ofrécenos unha única fornela rematada por un frontón triangular e con volutas rampantes a ámbolos lados.</p> <p>Un coro alto presenta un balaústre de pedra artificial que substitúe á antiga balaustrada de madeira.</p> <p>No Exterior a fachada organízase de forma xeométrica con porta de luz vertical, enmarcada por grosos baquetóns, van rectangular de luz e unha espadana de dous corpos que remata o conxunto engadida no século XX. O primeiro corpo formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares e que serven para aloxar ás campás. O segundo aparece un frontón triangular curvado cun pequeno oco tamén de medio punto flanqueado por dous pináculos moldurados e rematado no seu centro con outro pináculo moldurado coroado cunha cruz de forxa sobre a bóla desta.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO, Xosé / Patrimoniogalego.net
Data	23-08-2013

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá menor (2)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1931	63	145

Espadana	Campá maior (1).	LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)	1890	80	296
----------	----------------------------------	---	------	----	-----

Información completa: [San Cosme de Antes - MAZARICOS \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)